

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 15 DE XULLO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:00 horas do día 15 de xullo de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o día 11 de xullo de 2019, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais:

D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, secretaria de Administración municipal
D. Rubén Pérez Correa, representante do grupo mixto
D. Fernando Carballo (asiste aos puntos 2.a e 3.a)
D^a. M^a José Loureiro Bada (asiste ao punto 5.a)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2.b, 3.b, 8.a e 4.a)

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de Vigozoo (9.769-612)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. EULEN, S.A.
2. SAMYL S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:42	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34D-C6D32F-243AED-VD9KN7-RRMSC1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral:

“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo para a presentación de proposicións publicado na Plataforma de Contratación do Estado en data 03/06/2019, para a contratación por procedemento aberto da “Execución das obras do proxecto de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, e o mantemento das instalacións EXPTE. 312-441” que rematou o día 28 de xuño do presente ano; consultada a aplicación informática de xestión de expedientes presentáronse as seguintes empresas:

1. OHL
2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA
3. FERROVIAL AGROMAN
4. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
5. ACCIONA CONSTRUCCION, SA
6. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
7. CIVIS GLOBAL SL
8. CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L.(Pegada dixital e sobre electrónico).
9. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.(Pegada dixital e sobre electrónico).
10. UTE PRACE-DRAGADOS.(Pegada dixital e sobre electrónico)”.

Indícase que en cumprimento do previsto na cláusula 20 do PCAP procedeuse pola Secretaría e a Presidencia a descriptar previamente o sobre A. Unha vez aberta a documentación conséntase a existencia de varias UTEs que non estaban reflectidas no certificado do rexistro. Así CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L. concorre en UTE con FCC; XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. concorre en UTE con PETROLAM e ARIAS; COVSA con VIAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. e CIVIS GLOBAL, S.L. con GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A.

Así mesmo, pregúntase aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “Documentación persoal”, tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. OHL
2. UTE CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, .S.A. (30%) - VIAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. (70%)
3. UTE FERROVIAL AGROMAN (50%) - ORECO, S.A.U. (50%)
4. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:42	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34D-C6D32F-243AED-VD9KN7-RRMSC1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



5. ACCIONA CONSTRUCCION, SA
6. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
7. UTE CIVIS GLOBAL, S.L. (80%) - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A. (20%)
8. UTE CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L. (10%) - FCC CONSTRUCCIÓN, S.A. (90%)
9. UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (33,34%) - PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L (33,33%) - ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. (33,33%)
10. UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (35%) -DRAGADOS, S.A. (65%)

DRAGADOS, S.A., declara que outra empresa pertencente ao mesmo grupo, VIAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., participa nesta licitación en UTE con CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.

A Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento a todos os licitadores por ter presentado a documentación persoal correctamente.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de Vigozoo (9.769-612)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B *"Proposición avaliable mediante xuízo de valor"* dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B *"Proposición avaliable mediante xuízo de valor"* dos licitadores presentados e admitidos.

Tras a descriptación das ofertas produciuse un erro informático e non foi posible comprobar a documentación. Á vista desta circunstancia, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión acordou reunirse de novo manán as 10.00 horas.

5.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:42	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34D-C6D32F-243AED-VD9KN7-RRMSC1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(apertura administrativa e económica)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral:

“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo para a presentación de proposicións publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 10/06/2019, para a contratación por procedemento aberto para o “Mantemento preventivo, correctivo e regulamentario dos ascensores sitos en colexios públicos, escolas infantís e outros edificios dependentes do Servizo de Educación, que se relacionan no Anexo 1 do PPT. EXPTE. 22985-332” que rematou o día 25 de xuño do presente ano; consultada a aplicación informática de xestión de expedientes presentáronse as seguintes empresas:

1. JONAGAB ELEVADORES, S.L. (ASCENSORES ASGALI)
2. THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U.
3. SCHINDLER S.A. (n.º documento 190097669 e n.º documento 190097682)
4. ORONA, S. COOP.
5. ZADOYA OTIS, S.A.
6. ASCENSORES ENOR S.L. (pegada dixital documento n.º 190097796 e sobre electrónico documento n.º 190098403)”

Pregúntase aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	JONAGAB ELEVADORES, S.L.	21.954,24
2	THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U.	33.861,80
3	SCHINDLER S.A.	33.105,60
4	ORONA, S. COOP.	38.054,60
5	ZADOYA OTIS, S.A.	64.069,79
6	ASCENSORES ENOR, S.L.	35.335,87

Asisten como público á apertura os representantes de SCHINDLER, S.A. e ORONA, S. COOP.

As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, resultando correcta a documentación presentada polos licitadores.

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación económica.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:42	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34D-C6D32F-243AED-VD9KN7-RRMSC1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) (informe valoración sobre B)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación, entrégase o informe de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”* asinado en data 10 de xullo de 2019 pola enxeñeira industrial, o técnico medio en topografía e o xefe do Servizo de Vías e Obras, que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C *“Proposición avaliable mediante fórmula”* dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Prezo de licitación LOTE N° 1 159.561,05 €

Empresas licitadoras	C/IVE	Prezo
1 ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES SLU	146.321,61 €	
2 UTE PRACE COPCESA	157.965,44 €	

Prezo de licitación LOTE N° 2 150.143,25 €

Empresas licitadoras	C/IVE	Prezo
1 ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES SLU	137.180,36 €	
2 UTE PRACE COPCESA	148.641,82 €	

Prezo de licitación LOTE N° 3 408.565,80 €

Empresas licitadoras	C/IVE	Prezo
1 CIVIS GLOBAL SLU	407.544,38 €	
2 MONDO IBERICA SA.	406.727,26 €	
3 MECANO SPORT SL	367.300,62 €	
4 UTE PRACE COPCESA	390.793,19 €	



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:42	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34D-C6D32F-243AED-VD9KN7-RRMSC1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

- Solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Asisten como público á apertura os representantes de MECANO SPORT, S.L., Federación Galega de Construción e Unión General de Traballadores.

As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13.20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:42	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A34D-C6D32F-243AED-VD9KN7-RRMSC1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		